

# Curdistán...

Pese a descoñecelo, negalo ou ensombrecelo, hai moito máis alá da caverna que nos couda. A rapidez dos sistemas de comunicación axuda a coñecer e empequenece o planeta, pero tamén fai de nós alleos e insensíbeis espectadores de sofá-cama. Un deses pobos negados e polo tanto descoñecido é o Curdistán. Territorio repartido no mapa entre varios países de Asia Menor, que abre porta e paso a esa ponte que é a península de Anatolia: na súa parte oriental raiando fronteira con Armenia, Xeorxia, Irán, Iraq e Siria. Asentado entre esa serras que nacen das fértiles augas dos ríos Tigris e do Éufrates: os montes do Tauros, do Zagros e do Cáucaso, entre os que sobrancea o cimo de neve do Monte Ararat, onde a Biblia conta que pousou a arca de Noé, despois do diluvio.... Curuto como o pucho dun mago para os buscadores de enigmas. Terras sorprendentemente douradas polo sol do amencer ou do solpor. Montes e vales que circunscriben a Mesopotamia. Patria de Abraham: onde tamén asoma o Monte Nemrut, coroado polo túmulo funerario de Antíoco I; coas cidades de Hurfa, que foi a antiga Edessa co seu estanque dos peixes sacros e que no século IV visita a viaxeira galega Exeria; Ezzurum, o fermoso e tranquilo lago de Van, tan querido polas comunidades cristiás; Amed (Diyarbakir), Mêrdîn (Mardin), Hewlêr (Arbil)... Escenarios nos que no ir e vir de Oriente e Occidente se conforma a Arte Románica e seus símbolos catequéticos. Terras de filigrana, de pacientes ourives, de tecedores de alfombras, de artesáns...de sabios labregos e gandeiros, herdeiros do paraíso terreal. Considerado o celeiro do Oriente Medio e, para o seu peor calvario, emporio petrolífero. Velaí a cuestión.



FELIPE-SENÉN LÓPEZ GÓMEZ

Licenciado en Historia da Arte  
pola Universidade de Santiago.

É museólogo e técnico de Xestión  
Cultural

# o paraíso negado\*



**Pobo desapiadadamente** bombardeado por Saddam Hussein, sempre sometido e usado para as guerras. Por eso mesmo este mundo “civilizado” e de dobre raseiro de medir non quere mirar cara a este punto de “orientación”. E os intereses da xeopolítica internacional reducen o problema a unha *“cuestión humanitaria”*.

O pobo curdo é de orixe indoeuropeo, igual que os nosos celtas e súas raiceiras están máis alá do século VII

antes da nosa era. Herdeiro do imperio Medo. No século XIV o sultán Otomán inicia a temida expansión otomá, islamizante, mudando e desarraigando a poboación dunha banda a outra de Anatolia. Entón, a turquificación vai-se asentando pola forza das normas. Nesas loitas imperiais, nos primeiros anos do século XV, Tamerlán invade Asia Menor e pon no brete o imperio otomán, que axiña se reconstitúe para dominar aínda máis a Siria, Exipto,



Iraq, Iemen, e raia co imperio de Carlos V polo dominio do Mediterráneo... escaramuzas no sitio de Viena... a batalla de Lepanto... Os humildes artesáns, labradores e gandeiros de Curdistán serán esmagados. Apoderándose dos herdos do florecer bizantino, a cosmopolita Constantinopla volve a ser capital dun imperio. No século XVII enrabecha o volcán, as rivalidades, os fastos e as diferenzas provocan sublevacións como a dos xenízaros... execucións de sultáns, guerras... A Turquía que se está a facer mira, busca e atopa a paternalista e interesada tutela de Occidente que pon freo aos intentos panislámicos, participando na I Guerra Mundial. En 1924 Atatürk tenta a independencia, abole o califato, occidentaliza, conforma unha nova república, persoal e centralista, con Ancara como capital, que mirará de esguello a Grecia, Chipre e a ese Curdistán que nunca reconece. Para conformar a República, dentro e fóra, busca conciliar intereses, incluso por sistemas policiais: inestabilidade, golpe de estado no 60, os militares toman o poder, nova constitución, conservadorismo, 1971, revoltas, integrismo islámico, conflito con Grecia, Chipre por medio... alianzas cos EUA a quen se lles conceden bases militares, as que foron fundamentais no 1990 para atacar Iraq. Aliada da OTAN, vixiante dos avances do fundamentalismo e dos curdos... O exército de Saddam arrasa aldeas curdas, o exército turco tampouco queda atrás en mortíferas

intervencións que son silenciadas, o Partido dos Traballadores do Curdistán, PKK reacciona... Abdullah Öcalan, líder do PKK é feito prisioneiro. En 1995 o Partido do Benestar (Refah), de tendencia fundamentalista islámica, o maioritario, reconece o uso do idioma curdo, pero rexeita a súa autonomía, alegando que só existe unha comunidade: a musulmá. Por outra banda o segundo máis votado, o *Partido da Patria Nai* (ANAP), conservador, liberal e nacionalista está disposto a algunhas concesións aos curdos: música, lingua, folclore... baixo o pao da represión militar. O terceiro, o *Partido da Recta Vía* (DYP), conservador, liberal, europeísta, non reconece a existencia do problema curdo e móstrase disposto a velar polos "dereitos humanos", sen concretar máis. Hoxe os millóns de exiliados curdos, coa nostalxia de non deixar perder o seu paraíso, queren que Turquía se transforme nun "estado federal democrático sobre as bases dun federalismo bizonal e multicomunitario que permita ás comunidades que o desexen preservar súa cultura"... Outros presaxian a balcanización.

O Curdistán negado é un pobo conformado, na actualidade, por uns trinta millóns de persoas e uns 550.000 Km<sup>2</sup>. Asoballado polo imperialismo dos estados nos que o seu territorio se esnaquiza, dende o imperio otomán e despois da II Guerra Mundial, cando as potencias gañadoras marcaron novas fronteiras e deixaron o pobo curdo fóra de si, fendido entre



O Curdistán negado é un pobo conformado, na actualidade, por uns trinta millóns de persoas e uns 550.000 Km<sup>2</sup>. Asoballado polo imperialismo dos estados nos que o seu territorio se esnaquiza dende o imperio otomán

tribos rivais. O novo mapa ofrece un Curdistán interesadamente esnaquizado entre catro potencias rexionais “vixiadas” polos Estados Unidos: Turquía e o Irán do Shah e a URSS (Siria e Iraq) as que se lle dá confianza e licenza na política represora interior con esta “rexión”. Saberemos que 20% da poboación turca é curda e as súas fontes petrolíferas, e polo tanto enerxéticas, están aquí. No Iraq pasa algo semellante: unha cuarta par-

te dos seus habitantes son curdos e as miradas fitan cara á súa riqueza petrolreira das rexións de Mosul e Kirkuk. Gran Bretaña, Francia e os Estados Unidos participan na explotación destas fontes de ouro negro, baixo o dominio de Iraq. A todo cómpre sumar a importancia xeoestratéxica nas portas entre Oriente e Occidente.

Como pasa sempre nos pobos negados e pacientes, a emigración é unha resposta política á desfeita: o pobo curdo exiliouse en América, en Europa, especialmente en Alemaña, e tamén en Australia, grupos que serán vixiados politicamente e considerados terroristas.

Hoxe, tropas turcas armadas volven a saír cara a ese monte sacro, volcán apagado, na encrucillada de pobos, portas do paraíso, o Ararat, o “Çiyayê Agirî”, que en curdo significa “montaña de lume” ■

\* Artigo tamén publicado en *La Opinión* o 21 de Outubro de 2007

